

Expedientes	2022039406
Asunto	Petición de información sobre normativa reguladora ou aplicable ao Plan Concellos
Trámite	Resolución de inadmisión

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

Con datas 30 de maio de 2022 recibíase a través de SIR unha nova solicitude de co seguinte alcance *"Me dirijo a usted para hacer una pregunta y espero que, de una vez por todas, se me responda. Si considera que usted no puede responderme, me gustaría que se la derive a quién tenga competencias. 1º ¿Tiene el plan concellos, tercera línea de obras y servicios, aunque sea subvencionado con fondos propios, que atenerse a la ley de empleo estatal? ¿También tienen que seguir los colectivos prioritarios enmarcados en el artículo 30 de dicha ley? 2º ¿Qué norma, ley o rango de ley rige el plan concellos, tercera línea de obras y servicios? No me deriven a las bases ni a subvenciones, contésteme ustedes. Solicito respuesta a las dos preguntas formuladas, tal y como las pido. Que se me envíe copia, si considera que ya me ha contestado del escrito en el que lo hayan hecho"*.

Resulta obrigado referirse de novo aos antecedentes que obran nesta Administración, con resolucións e contestacións expresas en relación a cuestións idénticas ou similares formuladas pola mesma persoa solicitante, a última resolta o pasado 16 de maio de 2022, ás que nos remitimos.

Entrando, novamente, no ámbito obxectivo da petición debemos indicar unha vez máis que esta non se orienta a unha información preexistente ou documentada, ou de sinxela obtención por referencia a programas ou bases de datos a disposición da Administración, se non que materialmente ten por obxecto a realización dun informe ou documento de análise xurídica *ad hoc*.

E procede, de novo, insistir en que esta Unidade Responsable de Transparencia, creada por medio de Resolución Presidencial publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, BOPPO número 210 do 30 de outubro de 2020, nin a Administración en xeral, pode converterse nunha sorte de asesor xurídico personalizado de cada cidadán

Así, centrándonos na petición actual, os actos administrativos apróbanse coa súa correspondente motivación; a persoa solicitante contestóuselle á presente petición da normativa aplicable, pese a todo, con resolución do 18 de maio de 2022; se entende que o acto non é conforme a Dereito pode utilizar os medios que o ordenamento xurídico on ao seu

alcance, incluídos os recursos pertinentes de demostrar a súa condición de interesada no procedemento administrativo en cuestión.

Cómpre facer especial atención sobre o precedente que suporía a emisión de un informe como o solicitado xa que, de admitir a presente nada impediría que calquera cidadán, en calquera procedemento (fose ou non interesado) instase informes similares, sobre unha Ordenanza, un Plan de Urbanismo, calquera expediente de contratación, as bases para a selección do persoal empregado público (non a súa impugnación, senón pedir informe sobre as mesmas, incluso sen amosar vinculación lexitimadora ao respecto) o que levado a un extremo reflectiríase na desviación de recursos administrativos en prexuízo doutras funcións claramente asignadas e dos seus destinatarios ou, sen máis, do interese xeral, que ao cabo rexe a actuación administrativa.

Neste sentido, cómpre indicar que o dereito de acceso non poderá exercerse de forma que se poida ver afectada a eficacia no funcionamento dos servizos públicos dado o seu carácter manifestamente repetitivo ou en abuso de dereito, tal como previsto, en repetidas ocasións, polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, e no específico no Criterio Interpretativo CTBG 3/2016, do 14 de xullo de 2016.

Especialmente chamativo, finalmente, resulta a falta de xustificación do interese da particular, de motivación da petición que se formula, que puidera permitir canalizala doutro modo, de ser o caso, e que obriga a tramitala como un acceso á información pública.

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia da Deputación de Pontevedra e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2019014186, de 1 de agosto do 2019, de delegación das atribucións da Presidencia, modificada por Resolución Presidencial número 2020003407, de 27 de maio de 2020,

RESOLVO

PRIMEIRO.- INADMITIR a solicitude de acceso a información pública, segundo o previsto no artigo 18.1.c) e e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 88.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en atención á incompatibilidade da solicitude coa finalidade da normativa de transparencia, o seu carácter repetitivo e abusivo e carecer esta de fundamento.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

NOTIFÍQUESE A